



| CONTIDOS XERAIS DO CURSO |                   |   |
|--------------------------|-------------------|---|
|                          | Ao longo do curso | <p><b>OBX.1 . Comprender e interpretar</b> o sentido xeral e os detalles máis relevantes de <b>textos</b> na lingua estándar facendo uso de estratexias como a inferencia de significados para responder a necesidades comunicativas concretas.</p> <p><b>OBX2. Producir textos</b> orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.</p> <p><b>OBX3. Interactuar</b> con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respetuosos coas normas de cortesía.</p> <p><b>OBX4. Mediar en situación cotiás entre distintas linguas</b>, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.</p> <p><b>OBX5. Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre disitintas linguas</b>, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.</p> <p><b>OBX 6. Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira</b>, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situación interculturais.</p> |
| CONTIDOS DE CADA UNIDADE |                   |   |
| 1ª AVALIACIÓN            | Unidade 0         | <b>Unidade 0. Lingua, vocabulario e gramática:</b> Classroom language. Days of the week. Months and seasons. Numbers. Dates.<br>Subject pronouns, possessive adjectives and pronouns, verb <i>to be</i> , plural nouns, imperatives. <i>wh-</i> questions.  |
|                          | Unidade 1         | <b>Unidade 1. Lingua, vocabulario e gramática:</b> Family. Nationalities.<br>Possessive case, verb <i>can</i> , adverbs, have got.  |
|                          | Unidade 2         | <b>Unidade 2. Lingua, vocabulario e gramática:</b> Food and drink.<br>There is/ there are. Countable and uncountable nouns. Quantifiers: some, any, much, many, a lot of.   |
|                          | Unidade 3         | <b>Unidade 3. Lingua, vocabulario e gramática:</b> Daily routines.<br>Present simple.   |
| 2ª AVALIACIÓN            | Unidade 4         | <b>Unidade 4. Lingua, vocabulario e gramática:</b> Vocabulary about school.<br>Present continuous.  |
|                          | Unidade 5         | <b>Unidade 5. Lingua, vocabulario e gramática:</b> Vocabulary about music.<br>Comparative and superlative adjectives  |
|                          | Unidade 6         | <b>Unidade 6. Lingua, vocabulario e gramática:</b> Vocabulary about sports.<br>Past of <i>to be</i> : was/ were   |

|                      |           |   |
|----------------------|-----------|---|
| <b>3ª AVALIACIÓN</b> | Unidade 7 | <b>Unidade 7. Lingua, vocabulario e gramática:</b> Vocabulary about technology.<br>Past simple.   |
|                      | Unidade 8 | <b>Unidade 8. Lingua, vocabulario e gramática:</b> Vocabulary about different countries.<br>Modal verbs: <i>can, could, have to, must, should</i> |
|                      | Unidade 9 | <b>Unidade 9. Lingua, vocabulario e gramática:</b> Means of transport.<br>Future: <i>will, be going to.</i>                                       |

## LECTURAS

O alumnado terá que ler polo menos un libro de lectura durante o curso. O/A profesor/a de cada grupo decidirá as lecturas

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

### PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Resultado das probas obxectivas por avaliación e / ou finais
2. Resultados das tarefas encomendadas
3. Resultados da observación directa na aula

Realizaranse probas escritas, de listening e orais. O número de probas dependerá do criterio do profesor e das necesidades do alumnado, pero haberá polo menos unha proba escrita en cada período de avaliación, un listening e unha proba / presentación oral. O contido da proba escrita, principalmente, será a materia obxecto de estudo durante ese período, máis a materia obxecto de exame en anteriores períodos. O alumnado realizará con regularidade exercicios de redacción ( Writing ) relativos ás unidades aprendidas, ademáis de ter unha ou máis probas de expresión escrita, que se realizarán na aula..

Os libros de lectura serán avaliados ben por medio dunha proba escrita, dunha proba oral ou dun traballo.

| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN   | PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN |
|---|-----------------------------|
| a) COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS (Probas escrita de gramática, vocabulario, funcións)   | 40%                         |
| b) COMPRENSIÓN ESCRITA, MEDIACIÓN (+ libro de lectura)  | 10%                         |
| c) PRODUCCIÓN ESCRITA, MEDIACIÓN, INTERCULTURALIDADE  | 10%                         |
| d) COMPRENSIÓN ORAL, MEDIACIÓN  | 10%                         |
| e) PRODUCCIÓN ORAL, INTERACIÓN, MEDIACIÓN, INTERCULTURALIDADE   | 10%                         |
| f) *TRABALLO DIARIO DIARIO (controis, redaccións, intervencións orais na clase), PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE, INTERCULTURALIDADE | 20%                         |
| TOTAL AVALIACIÓN  | 100%                        |
| <b>CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</b>  |                             |
| PROBA ESCRITA (vocabulario, gramática, funcións, Reading, Writing) : 90%  |                             |
| EXERCICIO DE LISTENING: 10%   |                             |
| O alumno promocionará se acadará unha cualificación positiva de 5 puntos sobre 10 no exame.   |                             |

## PLAN DE REFORZO PARA ALUMNADO CON INGLÉS PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

### Programa de reforzo

O programa para a atención ao alumnado con inglés pendente de cursos anteriores persegue a integración do alumno no grupo do curso actual. Neste grupo e curso instrumentaranse as medidas necesarias para a atención das necesidades do alumno. Por unha banda, farase un seguimento do alumno prestándolle especial atención, resolvendo dúbidas que lle poidan xurdir e esixíndolle esforzo e traballo diario. Por outra banda, proporcionaráselle ao alumno o material necesario para o correcto seguimento das actividades. Os profesores que no curso actual imparten a materia de inglés nos grupos nos que se atopen alumnos con inglés pendente de cursos anteriores proporcionaranlles bloques de exercicios de repaso correspondentes aos contidos do curso.

### Criterios de avaliación para superar a materia pendente

#### **É posible recuperar a materia pendente por dúas vías:**

1. Aprobando a 1ª avaliación do curso actual, sempre e cando o/a alumno/a faga as actividades encomendadas.
2. Aprobando os exames da materia pendente que se realizarán en cada trimestre. A primeira proba, que se realizará no 1º trimestre, incluirá a primeira metade dos contidos do curso anterior. A proba do 2º trimestre incluirá todos os contidos da materia pendente. No caso de non recuperar a materia pendente nestas dúas avaliacións, o alumnado que teña inglés pendente de cursos anteriores terá a oportunidade de facer un exame final no 3º trimestre.

Datas para a realización destas probas:

1ª Proba: Luns 14/11/2022 (11:20-12:10)

2ª Proba: Luns 13/02/2023

3ª Proba: Luns 24/04/2023

Cualificación: exame (70%)+ actividades e traballo no curso actual (30%)

### **Convocatoria extraordinaria:**

O alumno que non supere a materia pendente por ningunha das vías terá que presentarse con toda a materia na convocatoria extraordinaria.

O Departamento de Inglés